


# TERRANOVA, INTERPRETACIÓN Y GESTIÓN AMBIENTAL, S.L.



**"Somos un grupo humano cohesionado, capaz e moi motivado"**  
*Alberto Monteagudo Rúa*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Interpretación e xestión medioambiental
<b>Sector de actividade</b>	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
<b>Nº empregados</b>	13
<b>Inversión inicial</b>	33.056 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado con aportacións dos socios e un préstamo bancario
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	A Coruña, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1998

## Descrición do proxecto

Terranova Interpretación e Xestión Ambiental é unha empresa galega que ten por obxecto a prestación de servizos vinculados á Xestión e Divulgación do Patrimonio Natural e Cultural.

A Interpretación consiste na tradución da linguaxe técnica, e a miúdo complexa, que explica os procesos ambientais e culturais, a unha forma non técnica, coa finalidade de crear no cidadán unha sensibilidade, conciencia, entendemento, entusiasmo e compromiso cara o recurso patrimonial que se interpreta. Todo isto a través de infinidade de técnicas que van desde a organización de visitas guiadas á edición de material gráfico ou a produción de textos.

Terranova Interpretación e Xestión Ambiental SL. oferta tamén aos seus clientes a cobertura doutro tipo de servizos, que se enumeran a continuación.

- A) Interpretación do Patrimonio Natural e Cultural.
- B) Xestión e Manexo de Vida Silvestre.



## Descrición do proxecto

### C) Educación e Divulgación Ambiental.

Terranova propón desenvolver e promocionar estratexias ás administracións, empresas, fundacións, ONGs, etc. e ofrece os seguintes servizos concretos:

- Asesoramento xeral a administracións, empresas, fundacións, ONGs, etc.
- Deseño e produción de libros, guías, folletos, mapas, paneis, etc.
- Redacción de textos, deseño de ilustracións e edición de todo tipo de material gráfico.
- Deseño de producións de vídeo e multimedia.
- Sinalización, incluíndo elaboración de proxectos, deseño e instalación.
- Deseño e execución de Centros de Interpretación e Recepción de Visitantes.
- Deseño e execución de recursos interpretativos para Centros de Interpretación e exposicións sobre o Patrimonio Natural e Cultural.
- Turismo Activo na Natureza.
- Xestión da Vida Silvestre.
- Educación e Divulgación Ambiental.

## Datos empresa

### Claves do éxito

1. Grupo humano cohesionado, capaz e moi motivado.
2. A idea empresarial, en canto ás características que reúne, o seu aspecto innovador en Galicia e a inexistencia, de momento, de empresas competidoras.
3. A creatividade no deseño e ilustración dos produtos que ofrecemos ao noso clientes. Pedro é o responsábel de facer as ilustracións que son dunha alta calidade.
4. Coñecemento do mercado europeo mediante subscricións a publicacións especializadas no sector e a excelente relación con colaboradores próximos necesarios para a execución dalgúns dos nosos traballos.

### Situación actual

A situación actual é moi satisfactoria. A empresa abriu liñas de traballo novas, e non deixou de traballar nas do comezo, as expectativas son boas e o ambiente de compañeirismo non mudou do inicial. O traballo cambiante contribuíu a que non xurda o aburrimiento. A natureza cambiante deste entorno fai que o traballo nunca sexa aburrido. A diversificación dos clientes permite non estar tan apremiado cós pagamentos como nos comezos, e a nosa maior diversificación en campos de traballo posibilita que fronte a aqueles que se dilatan no tempo, outros máis puntuais sexan capaces de equilibrar a nosa balanza de pagos e cobros.

### Perfil cliente

- A Administración Pública, tanto a Estatal como Autonómica e Local e as grandes empresas preocupadas por dar unha imaxe social de respecto ao medioambiente, como exemplos: Fenosa, Endesa e o grupo Voz.
- Proxectos vinculados a fondos europeos como o PRODER e o LEADER.
- Empresas de todos os tamaños relacionadas coa publicidade e coa edición de material multimedia.





## Idea inicial

A nosa experiencia no campo do medio ambiente é extensa, tanto profesionalmente como actuando desde ONGs.

Isto valeunos para aunar coñecementos en diferentes campos que contribuíron ao lanzamento da empresa e reforzaron os diferentes ámbitos de actuación da mesma. Os nosos contactos cos clientes potenciais e o público obxectivo da nosa empresa era axeitado; estes mesmos foran en moitas ocasións o cliente ou interlocutor por temas profesionais ou desde as ONGs.

## Principales dificultades y amenazas futuras

- A morosidade e as dificultades de cobro constitúen a ameaza que máis nos preocupa.
- A competencia que poda aparecer no mercado e que nos poda desprazar.
- Preocúpanos bastante non poder atender a todos os clientes que están a demandarnos os nosos servizos e isto poda repercutir negativamente no prestixio da empresa.

## Perfil promotores

Alberto Monteagudo aporta formación en Económicas e Dereito respectivamente. A empresa conta con tres socios máis.

## Aptitudes necesarias

Serenidade, ilusión, ambición, capacidade de traballo, etc.



## Guía de Actividad

**Interpretación e xestión medioambiental** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Ser o meu propio xefe**  
**A independencia que proporciona**  
**Gañar cartos**

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Dirixir persoas e organizacións**  
**O reto que supón**

## Formación

### **¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

A promovida polo curso do proxecto Lanza do IGAPE e algún outro promovido pola Cámara de Comercio da Coruña.

### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si. A especificidade dos coñecementos cremos que debería de ser o aspecto a lograr, máis que cursos xenéricos ou con tratamentos tan amplos que a miúdo resultan pouco clarificadores para empresas pequenas ou medianas.

## Anecdótico

Non dispoñible

